CONCELLO DE VIGO

**AREA DE FESTAS E TURISMO**

**INFORME SOBRE O CARÁCTER NOMINATIVO DAS SUBVENCIÓNS INCLUIDAS NO CAPÍTULO 4 (TRANSFERENCIAS CORRENTES) DO ORZAMENTO DO SERVIZO DE FESTAS. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE VIGO PARA O PERÍODO 2019-2021.**

Como contestación á solicitude dun informe sobre o carácter nominativo das subvencións incluídas capítulo 4 (transferencias correntes) do orzamento do Servizo de Festas, polo Tesoureiro, D. Luis García Alvarez a esta xefatura, procédese á relación delas, así como dos datos relativos ao beneficiario, cif, aplicación orzamentaria e importe:

| |
|---|
| **NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONVENIO MARISQUIÑO**<br>**Beneficiario: Ulisesproyect eventos especiales SLU**<br>**CIF: B-36.957.132**<br>**Aplicación presupostaria. 3380.470.0001 e 3380.470.0000**<br>**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018: 400.000 € (218.500,00 € orzamento do Servizo de Festas e 181.500,00 € Convenio Deputación).** |

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos especiales SLU vén realizando a organización deste programa de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais. D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca.

D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca “O Marisquiño” manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ao amparo dun Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra, con data 19 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento do festival Marisquiño 2018 (expediente 7467-335). Con data 31 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o mesmo texto do convenio co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento do festival “O Marisquiño” por importe de 181.500,00 €.

Como resultado deste acordo, o servizo de Festas dispón dunha dotación de 181.500,00 €, na aplicación 3380.470.0000 do seu vixente orzamento. Así mesmo a aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do Servizo de Festas dispón duha dotación de 218.500,00 €.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que Ulisesproyect Eventos especiales SLU ostenta os dereitos de uso da marca “O MARISQUIÑO”.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2018-09-27T14:02:22+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Ana Laura Iglesias Gonzalez) 2018-09-28T09:31:27+02:00 -

Documento asinado

desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Este convenio está suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Ulisesproyect Eventos especiales SLU asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubran a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguros de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do evento.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONVENIO RECONQUISTA – AVV CASCO VELLO**
**Beneficiario: Asociación veciñal e cultural Casco Vello**
**CIF: B-36.645.885**
**Aplicación presupostaria: 3380.480.0001**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018: 60.000,00 €**

Dende o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca “Festa da Reconquista”, conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos do texto do convenio.

Coa devandita iniciativa, contribúese a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, onde existe unha contra-prestación directa para a mesma, tal como a conmemoración da Reconquista.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta estabeleza e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2018-09-27T14:02:22+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Ana Laura Iglesias Gonzalez) 2018-09-28T09:31:27+02:00 -
Documento asinado

representación da marca en exclusiva.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONVENIO ENTROIDO – AGRUPACIÓN CENTROS CULTURAIS**
**Beneficiario: Agrupación de Centros deportivos e culturais + Federación de Peñas recreativas El Olivo**
**CIF: G-36.791.291 e G-36.704.666 (repectivamente)**
**Aplicación presupostaria: 3380.480.0002**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018:: 85.000,00 €**

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación deste convenio vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribuían a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo que se formalizará a través dun convenio.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2.a e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007.

No vixente programa orzamentario na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2018-09-27T14:02:22+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Ana Laura Iglesias Gonzalez) 2018-09-28T09:31:27+02:00 -
Documento asinado

prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 85.000 €, para organización do Entroido 2018.

| |
|---|
| **NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: A. COMERCIANTES DE NAVIA - FESTA VICUS SPACORUM**<br>**Beneficiario: Asociación de Comerciantes PAU de Navia**<br>**C.I.F. G-27.767.656**<br>**Aplicación presupostaria: 3380.480.0000**<br>**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018: 14.000,00 €** |

Con esta iniciativa, contribúese a coñecer a historia dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

O "VICUS SPACORUM" é un evento de ambientación histórica que se celebra no barrio vigués do PAU de Navia, e co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...)

Igualmente, con este evento promociónase este novo barrio da cidade, descoñecido por moitos habitantes de outras parroquias, que acoden a visitalo para participar nesta celebración que cada ano conta cunha maior participación dos cidadás.

A Asociación de Comerciantes del Pau de Navia é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en xaneiro de 2012, que se rexe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co número 2012/016533 e no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1159-12.

O seu obxecto social consiste en "coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran", así como "potenciar o espíritu cooperativo" e establecer "relacións de colaboración con Entidades Oficiais e Privadas, nacionais ou estranxeiras, inspiradas en finalidades similares á Asociación".

O Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio das súas competencias propias que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu artigo 25.2, letras h) e m), desexa promover e colaborar economicamente na execución do evento VICUS SPACORUM produto de turismo cultural co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...), así como facilitar o coñecemento do novo barrio do PAU de Navia ao resto dos veciños de Vigo.

A Asociación de Comerciantes del PAU de Navia está en condicións de organizar a VII edición do "VICUS SPACORUM", conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do evento desenvolverase os días 15 e 16 de setembro de 2018, con exposicións variadas, loitas, talleres, desfiles, música, espectáculos nocturnos para todos os públicos, gastronomía, cetrería, xogos romanos e celtas, encadrándose así mesmo dentro do programa "Vigo en Festas 2018".

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2018-09-27T14:02:22+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Ana Laura Iglesias Gonzalez) 2018-09-28T09:31:27+02:00 -

Documento asinado

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.  Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación de Comerciantes del Pau de Navia. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0000, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de **14.000,00 (catorce mil) euros,** a favor de “A. COMERCIANTES NAVIA-FESTA VICUS SPACORUM para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa “VICUS SPACORUM 2018”.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 24.000,00 euros

| |
|---|
| **NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONVENIO RONDALLAS – FEDERACIÓN RONDALLAS ÁREA METROPOLITANA**<br>**Beneficiario: Federación de Rondallas da Área metropolitana de Vigo**<br>**Aplicación presupostaria: 3380.480.0003**<br>**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018: 40.000,00 €** |

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade

Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2018-09-27T14:02:22+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Ana Laura Iglesias Gonzalez) 2018-09-28T09:31:27+02:00 -

Documento asinado

**NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONVENIO COMISIÓN FESTAS N.S. DA GUÍA - FESTA SARDIÑA**
**Beneficiario: Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía G-36.731.404**
**Aplicación presupostaria: 3380.489.0004**
**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018: 9.500,00 €**

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na carballeira do monte da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido pola Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar as Festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados con ditos fins sociais.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa "Vigo en Festas" dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio é o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Asociación de Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves de la Guía para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa.

ASINADO POR: Xefa Servizo De Festas (Luz María González Domínguez) 2018-09-27T14:02:22+02:00 - Concelleira Festas E Turismo (Ana Laura Iglesias Gonzalez) 2018-09-28T09:31:27+02:00 -

Documento asinado

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

| |
|---|
| **NOME APLICACIÓN PRESUPOSTARIA: CONVENIO FED. PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO - FESTA MEXILLÓN**<br>**Beneficiario: Federación de Peñas recreativas El Olivo**<br>**CIF.: G-36.704.666**<br>**Aplicación presupostaria: 3380.489.0005**<br>**Importe no orzamento do Servizo de Festas 2018: 9.500,00 €** |

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sido desenvolvido pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa "Vigo en Festas" dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o polbo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia , e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

